

SESION EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO O DIA 1 DE SETEMBRO DE 2017.-

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as dez horas e catro minutos do día un de setembro de 2017, réunese en sesión extraordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente , coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario Francisco Fernández Castro.

ALCALDE- PRESIDENTE

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE)

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

Dª MARÍA LÓPEZ TOUZA (PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE)

Dª NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)

D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)

D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)

D XACOBE GARCÍA SOTO (BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RIBEIRO EN COMÚN)

D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (CxG-CCTT)

Non asiste don Celso Sotelo Barroso,dona María Luz Expósito Pérez e dona Clara Loeda Soto concelleiros do PP.

Secretario: Francisco Fernández Castro.

1. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA DOTAR A APORTACIÓN MUNICIPAL AO PROXECTO DE CALDEIRAS CON SISTEMA DE ALIMENTACIÓN AUTOMÁTICA “COLEXIO DE FRANCELOS” “ COLEXIO DE SAN CRISTOVO” OBXECTO DE SUBVENCIÓN POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 14 DE MARZO DE 2017 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE ANUNCIA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS

PARA PROXECTOS DE EQUIPOS TÉRMICOS DE BIOMASA , PARA O ANO 2017, COFINACIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL.

Alcalde.- Bos días, imos escomenzar o pleno extraordinario con un único punto.É unha axuda para cambiar as caldeiras de biomasa nos colexios de Francelos e San Cristovo, os importes figuran na proposta de acordo. Non tiñamos partida para a aportación municipal.

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.5/2017, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Orzamento de gastos

Aplicación orzamentaria		Núm.	Descrición	Euros
Progr.	Económica			
323	633.00	1	Axuda proxectos técnicos de biomasa. Colexio de Francelos	4.598
323	633.00	1	Axuda proxectos técnicos de biomasa.Colexio de San Cristovo	4.598
			TOTAL GASTOS	9.196

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

Orzamento de ingresos

Aplicación orzamentaria		Núm.	Descrición	Euros
Progr.	Económica			
323	633.00	1	Axuda proxectos técnicos de biomasa. Colexio de Francelos	4.598
323	633.00	1	Axuda proxectos técnicos de biomasa. Colexio de San Cristovo	4.958
			TOTAL GASTOS	9.196

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O

expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade dos presentes.

E sendo as dez horas e cinco minutos erguese a sesión polo señor Alcalde presidente , do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO